



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com



1ª xornada liga alevín

Moi boa actuación dos nosos nadadores/as alevíns na liga disputada na piscina de Batallóns.

Na proba de 100 estilos primeira posición para Telmo Bouza cun gran rexistro de 1:15.15. Na mesma proba Antón Dopico ocupou a terceira praza con 1:19.27 a tan só unha centésima do segundo clasificado. Ambos os nadadores conseguiron a mínima para o campionato galego. Na sexta praza chegou Carlos Quintela con 1:23.47, a poucas décimas da mínima do campionato galego. Iago Pérez e Daniel Santalla con 1:30.49 e 1:39.75 ocuparon o posto 16 e 20 respectivamente, quedándose Iago a menos de 1 segundo da mínima.

En canto ás mozas Elena Massa con 1:39.78 ocupou a 8ª praza seguida de Irene Ramos con 1:43.11 na 9ª, ambas as nadadoras alevíns de 1º ano.

En 100 libre masculino de novo primeiro posto para Telmo Bouza con 1:06.35, conseguindo a marca mínima do campionato galego. Na 5ª praza Carlos Quintela con 1:15.09. Marcos Ruíz con 1:20.76 na 12ª posición seguido de Iago Pérez con 1:21.67. No posto 15 Daniel Santalla con 1:27.33. No posto 20 chegou Óscar Cabeza con 2:10.43.

Na proba feminina primeira praza para Carla Díaz cunha marca de 1:14.41, marca mínima do campionato galego. No 6º posto chegou Elena Massa con 1:25.07 seguida de Irene Ramos con 1:32.12. Con 1:33.52 chegou Erea Cendán no posto 9º. Mentres que Paula Seoane ocupou a 18ª posición con 1:52.04.

Antón Dopico dominou os 100 braza con autoridade con 1:25.40, con mínima para o campionato galego. E o seu compañeiro Marcos Ruíz na 5ª praza con 1:51.70.

En mozas Carla Díaz chegou segunda con 1:42.26, Erea Cendán 10ª con 2:03.78 e Paula Seoane 12ª con 2:15.66.

En canto ás remudas de 4x50 costas 2º posto para o equipo masculino formado por Iago, Carlos, Antón e Telmo. E 3ª praza para o equipo feminino con Erea, Carla, Irene e Elena.

En definitiva unha gran xornada na que os nosos nadadores dominaron nas tres probas masculinas e nunha proba feminina, logrando unhas marcas moi boas a estas alturas da tempada. Con 5 novas marca mínimas para o Campionato Galego alevín.

Parabéns a todos/as!!



Xan X. Suárez Vilela

Adestrador Club Natación Ferrol - Elinco